

Xestionado por [Vieiros](#)

O ACTO OFICIAL TERÁ LUGAR EN COMPOSTELA

Margarita Ledo ingresará o 7 de febreiro nunha RAG case vedada ás mulleres

Converterase na quinta muller académica, fronte aos 23 homes que forman parte da institución.

Redacción - 12:55 26/01/2009

A a cerimonia de ingreso oficial de [Margarita Ledo Andión](#) na [Real Academia Galega](#) terá lugar no Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia da USC o sábado 7 de febreiro, a partir das doce do mediodía. Ledo lerá un discurso titulado *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega*, e Rosario Álvarez Blanco será a encargada de realizar a réplica á intervención da nova académica.

Margarita Ledo será a quinta muller académica da RAG, dun total de 28 membros numerarios, uníndose a Olga Gallego, Luz Pozo, Xohana Torres e a propia Rosario Álvarez. Ademais, os cargos de dirección e xestión da RAG están ocupados exclusivamente por homes (Xosé Ramón Barreiro, Salvador García Bodaño, Manuel González, Andrés Fernández-Albalat e Xosé Luis Axeitos). E as chamadas 'cadeiras pechadas', destinadas a académicos xa falecidos, corresponden todas, igualmente, a homes, un total de trinta. Finalmente, no que respecta aos 'académicos non numerarios', das 55 persoas que neste momento exercen esa función, só dúas son mulleres: Dolores Sánchez Palomino e María Teresa Barro Muñoz-Ortiz.

Da literatura ao cine, pasando pola investigación

Ledo, nacida en Castro de Rei en 1951, iniciou a súa actividade política e o seu traballo de creación cultural moi nova, e xa en 1974 tivo que exiliarse en Portugal, por mor da súa actividade política, naquel momento ligada á UPG. No Porto traballou como lectora de galego na Universidade de Letras, ademais doutras actividades, entre as que destacan as emisións radiofónicas dirixidas a Galiza. Licenciouse en Xornalismo en Barcelona e foi directora do semanario A Nosa Terra entre 1977 e 1980. De volta a Cataluña, foi profesora da Universidade Autónoma de Barcelona entre 1983 e 1991, chegando a ser catedrática; e a partir de 1991 comezou a exercer de profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

Como escritora destacan os seus tres libros de poesía: *Parolar cun eu, cun intre, con inseuto* (1970), *O corvo érguese cedo* (1973) e *Linguas mortas: serial radiofónico* (1989). Como narradora publicou as novelas *Trasalba ou Violeta e o militar morto* (1985) e *Porta blindada* (1990), e mais os libros de relatos *Mama-fé* (1983) e *Historias como Barcelona* (1991). É autora tamén de ensaios sobre xornalismo, fotografía e cine, como *Prensa e galeguismo* (1982), *O diario postelevisivo* (1993) ou *Del Cine-Ojo a Dogma 95: paseo por el amor y la muerte del cinematógrafo documental* (2003). Finalmente, nos

últimos anos ven desenvolvendo un intenso traballo de creación cinematográfica, con filmes como *Santa Liberdade* (2004) ou *Liste*, pronunciado *Líster* (2007).